

CONCELLOS



Ría de Arousa



Panorámica do Parque Natural das dunas de Corrubedo (Ribeira)




Fermosa combinación entre as embarcacións pesqueiras e os veleiros no porto deportivo de Rianxo



A Pobra do Caramiñal

Boiro

Un enclave de gran beleza paisaxística, no que destaca o estuario do río Coroño e a ferverza de Cadamoxo. Posúe un gran tesouro arquitectónico da época, na que as familias como os Golíans, os Bao ou os Mariño deixaron a súa pegada na paisaxe coa construción de numerosos pazos.



Ferverza de Cadamoxo (Boiro)

Dodro

Situada nunha posición privilexiada, esta localidade está na fronteira con Padrón onde destaca o ecosistema fluvial da Veiga das Brañas, formado pola confluencia dos ríos Sar e Ulla así como polo seu patrimonio, cos famosos hórreos da aldea de Imo, pertencentes ao século XVIII, e o pazo da Hermida en Lestrove.



Hórreos do século XVIII, en Imo (Dodro)




Aguiño (Ribeira)

Rianxo

Berce de grandes literarios como Castelao, Rafael Dieste ou Manuel Antonio. Caracterizado por dous bloques montañosos entre os que se atopa un extenso val escavado polo río Té, destaca polo seu patrimonio relixioso coa capela da Virxe de Guadalupe, patroa rianxeira.



Vista dende o mirador da Curota (A Pobra do Caramiñal)



Piscinas do río Pedras (A Pobra do Caramiñal)

A Pobra do Caramiñal

O pobo costeiro da Pobra destaca polo seu gran valor paisaxístico con praias como a de Cabio, a da Barca ou a da Illa, así como polos tesouros naturais das piscinas naturais do río Pedras e o miradoiro da Curota. Ademais destaca o seu importante patrimonio cultural co museo de Valle-Inclán, Monumento Histórico-Artístico.

Ribeira

Unha das poboacións máis destacadas da provincia e capital do Barbanza, conta cun dos portos de baixura máis relevantes. Un lugar único onde descubrir os restos da cultura castreña co dolmen de Axeitos, ou gozar do Parque Natural das dunas de Corrubedo.



Dolmen de Axeitos (Ribeira)

QUE VISITAR:

NATUREZA

Miradoiro da Curota. O punto que mellores vistas presenta de todas as Rías Baixas atópase no municipio de Ribeira, no miradoiro da Curota. Situado nunha cima de 600 metros, permite gozar dunha panorámica espectacular do litoral comprendido entre o cabo Fisterra e o monte de Santa Tegra, o que lle valeu o título de Sitio Natural de Interese Nacional. A formación monte da Curota está repleta de pequenos torrentes de auga que dan lugar a dous ríos principais: o Steira e o Pedras, que na súa desembocadura na ría forma un conxunto de pozas ao longo das rochas orixinando fermosas piscinas naturais.

Parque Natural de Corrubedo. Máis de catro quilómetros de dunas, praias paradisíacas, lagoas de auga doce e salgada, marismas e unha gran variedade de fauna e flora conforman o parque natural máis visitado de Galicia. Os seus principais atractivos son a duna móbil, única en Galicia, e as lagoas de Vixán e Carregal, onde habitan unha gran variedade de aves acuáticas. Nos seus arredores podemos percorrer numerosas praias de area fina e suaves correntes como a da Ladeira (As Dunas) ou a da Ferreira.

Illa de Sálvora. Admirar a riqueza de flora e fauna da zona en estado puro é posible na illa de Sálvora, situada na bocana da ría e rodeada de numerosos illotes. É unha das poucas zonas virxe que aínda quedan en Galicia.

Estuario do río Ulla. Outra paraxe natural de beleza incomparable é o estuario do río Ulla, que se estende desde a confluencia do Sar e do Ulla ata Catoira e Rianxo, comprendendo a área de transición entre as augas doces do curso fluvial e as salgadas da Ría de Arousa. Unha paraxe de gran beleza na súa planicie fluvial con amplas zonas de xuncos, carrizas e vexetación.

Fervenza de Cadarnoxo. Cunha caída de máis de 30 metros, é unha das máis grandes de Galicia, e está no concello de Boiro. Durante miles de anos, o río perforou as rochas ata formar a fervenza, como a vemos hoxe en día, un espectáculo que non se pode deixar pasar.

PATRIMONIO E CULTURA

Entre o patrimonio da Ría de Arousa Norte destaca o pazo da Ermida, en Lestrove, un dos lugares máis singulares do concello de Dodro. Situado nunha ladeira, ofrece unha vista única da localidade de Padrón, onde Rosalía de Castro buscaba inspiración para as súas obras. O hórreo é unha das figuras máis representativas da zona de Arousa, e tamén os cruceiros como a Cruz do Abelán ou a de Bustelo. Outra mostra do seu gran patrimonio é a capela de estilo barroco na que se lle rende tributo á Virxe de Guadalupe, patroa rianxeira.

A pequena vila mariñeira da Pobra do Caramiñal alberga un dos grandes tesouros culturais da zona: o Museo de Valle-Inclán, situado na Torre de Bermúdez e declarado Monumento Histórico-Artístico. Nel consérvase a obra dun dos escritores galegos máis célebres na literatura en lingua castelá, caracterizado pola eterna memoria do mundo rural de Galicia.



Fauna no monte da Curota



Fauna no monte da Curota

A CORUÑA


LUGO

PONTEVEDRA

OURENSE



RÍAS BAIXAS:
RÍA DE AROUSA NORTE
xeodestino



RÍAS BAIXAS: RÍA DE AROUSA NORTE destinos MÁXICOS de terra e mar



Deputación
DA CORUÑA

turismo.dacoruna.gal
@DACTurismo
Turismo da Deputación da Coruña
Dacturismo
turismo@dacoruna.gal

RÍAS BAIXAS:
RÍA DE AROUSA NORTE
xeodestino



Deputación
DA CORUÑA

A maior ría de toda Galicia, a Ría de Arousa, é símbolo de natureza, acougo e calidade. Situada no corazón da costa atlántica galega, está bordeada ao norte pola península do Barbanza e ao sur pola do Salnés. Na parte norte, a Ría de Arousa está conformada polas localidades de Rianxo, berce de grandes literatos como Castelao, Rafael Dieste ou Manuel Antonio, e pola fermosa vila costeira da Pobra do Caramiñal, coa súa impresionante praia de Cabío, as piscinas naturais do río Pedras ou o miradoiro da Curota.

QUE FACER:

RUTAS

Sendeirismo. Unha das máis destacadas é a Ruta ambiental do castelo de Vítres, unha mestura de pegada que o home deixou ao longo da historia e fermosas paraxes naturais, como os distintos ríos cos que nos cruzamos durante o percorrido ou a fervenza que forma o río Lérez preto da cima. Un encontro coa natureza digno de película é o paseo fluvial polo río Té, acompañado por numerosos muíños durante todo o percorrido.

Cultura. A ruta das Mámoas, que transcorre polo municipio de Boiro, é outra boa opción se queremos

descubrir os monumentos funerarios que gardan a memoria dos antepasados, onde o silencio é o maior aliado da memoria, das persoas que no seu día repousaron nos numerosos túmulos que compoñen a ruta. Outra opción pode ser unha ruta arqueolóxica como a que nos conduce polo mundo dos petróglifos en Rianxo.

FESTAS

O relevante papel dos deportes náuticos deu lugar na Ría de Arousa Norte a celebracións como a Festa da Dorna de Ribeira. A relixión tamén preside moitas celebracións como a Festa de Xesús O Nazareno, coa procesión das Mortallas na Pobra do Caramiñal, a romaría de San Ramón de Bealo en Boiro, ou as Festas da Guadalupe en Rianxo, todas elas declaradas Festas de Interese Turístico de Galicia.

GASTRONOMÍA

Unha das xoias da ría son os seus mariscos, nunha zona na que a tradición mariñeira é tamén un motor de riqueza. Por isto a maioría das festas que se celebran polas localidades da comarca réndenlle tributo aos froitos do mar, caso da feira do marisco e a de exaltación do mexillón de Cabo de Cruz, festa da xouba en Rianxo ou a do percebe de Aguiño, en Ribeira.



Museo Valle-Inclán (A Pobra do Caramiñal)